



Todos Somos Samos

Agradecida Declaración de Amor a Samos, a súa contorna e maila súa xente, a miña xente.

Esta felicidade que me enche provén directamente do teu corazón, de ti, que les agora estas letras e sentes toda esta emoción que me leva a compartir a miña gratitude con toda unha vila e toda unha cultura que sinto como miña, a galega.

Nos últimos anos tiven tantas mostras de agarimo, atención e respecto por parte das vosas familias, da vosa contorna e do voso envolvente paraíso natural, que agora todo cobra sentido dentro de min, desvelado na madrugada, desbordado por un enorme sentimento de gratitude e abundancia que non poderei chegar a demostrar de todo a través destas letras; e mira que o intento, ben o sabe Deus, en nome do amor.

O Andaluz de Samos chegou facendo o Camiño, no ano 93, veloz nunha bicicleta, pero foi grazas ao Couso, en maio de 2014, cando se foi empapando da dureza do clima invernal e da forza agochada tras esa coraza de retranca galega, pura humildade.

A vosa terra abriume as portas do seu corazón e da súa cultura; sen filtro, con dureza, sen condición, iso si, por medio do traballo duro man a man cos quefaceres menos desexados, onde cheguei a ter maniotas e dores en partes do meu corpo que nin coñecía.

Sen embargo, para min foron grandes mestres, para poñer no seu lugar os valores que imos cambiando ao longo das nosas vidas e das experiencias que se nos conceden, para comprender que, ao final, a vida son dous días, un para darse conta e o outro para gozar dela.

Da man do Alquimista, o noso querido Antonio Bello, que acougou algunha vez a miña incompreensión; co exemplo incombustible do Pai Leo, o bo pastor, que me fixo ver que a mocidade non ten idade, que ten que ver máis coa actitude que co paso do tempo; e coa última alegría de coñecer ao Pai Miguel de Lousada e o seu labor en O noso lar. Que ganas que me quedan de colaborar con el...

Cheguei a sentir unha común unión coas almas da contorna, que moitas veces, camiñando en oposta dirección, formaban un só corazón para bombear con máis forza e chegar ata os que máis o necesitaban, como aconteceu comigo.

Recibir buscadores de mil lugares en O Couso, tratalos coma se os coñecese de toda a vida e despedilos como irmáns; traballar duro con Javier León e Laura Fernández, recoñecendo os meus valores e como melloralos; sacando abono nas cortes de Outonín; rozando silveiros en Trascastro, co García en Santalla ou con Jose Antonio, o meu irmán en Gundríz; aprendendo de Agapito, que dureza e corazón; repartindo abono para Luisa en Lamas; facendo leña en Outeiro; coñecendo cultura con Marcos e Alex en Castiñeira; gozando da ironía de Gloria en Santa Mariña ou a bondade de Lourdes, a miña adoración; en San Cristobo, coñecendo o último dos recunchos de Samos e Triacastela con Foxo e Mario. Si, recollendo lixo, pero gozando dos mellores amenceres e as sorrisos cómplices das súas xentes.

A xenerosidade desde o primeiro día de Xulia e Juanín, sen condición, no Albaroque, onde moitas veces non me comportei como merecían, por ignorancia, non por mala intención. A bondade de Olga e Mariano na súa Abadía, sempre apoiando. As pontes e conectores Manolo o Taberna (que artista o meu Manolo) e Quiroga, o taxi de Lóuzara, que “viejóvenes” mensaxeiros entre familias e amigos, que corazóns...

Que frío en Aira Padrón, pero que acollida a de Maruja e o maldito Jose Luís... danche unha aperta e pónenche ao día desa terra, con outras regras, outros tempos, outros valores... Como aprendín con nai e fillo, como gocei cos dous.

Que reflexións cos Mestres Jurjos en Bustofrío ou Pepe o carteiro en Renche, e que risas con Eloy do Serradoiro e a súa picaresca. Grazas Jose Ramón, canto traballo me deches cando máis o precisaba. Lastres é un paraíso no Camiño, e ti, o gardián da súa beleza.

Que pundo o de Carmiña en San Cristobal do meu amado Lóuzara, xunto a Elsa e a súa nova familia. Como me acollestes! Manolo, pelo branco, canto corazón detrás de tanto escudo, carallo, que non hai forma de pagar un café!

Que exemplo o da familia Quintero, todos a unha por ter A Veiga cada día máis bonita, máis humilde e máis servicial. Que baterías e que exemplo o de Teresa en Foxos -adórote, Teresa- e Marisol, canto te preocupaches por min, que gratitude vos teño en Ferrería.


Que calor se desprende en Pontenova, onde Elena non pide relevo, Rosa acariña con esa alma tenra a todo o que respira e Maíto, maldito, rúbanos o corazón.

Grazas Joao, o portugués, por todo o bo que me deches a coñecer, quitáronme o estómago e as túas bágoas caían coma se che quitasen a un fillo. Doeume máis que me quitases ti a sesta, carallo, que son do sir e non había descanso! Que forza salvaxe gobernache, que irmán da alma es para min, para sempre, a pesar de todo o controvertidas que poidan chegar a ser as túas andainas... pero es auténtico, segues ao teu corazón.

Chegar ao súper e que che envolvan os cantos de Angelines e os seus partes meteorolóxicos, a súa atención; tomar un respiro na porta o España, que vistas, e non falo do Concello; botar unhas risas con Carla, a nena dos meus ollos; sentir as miradas de aprobación de Maruxa e Sara, menudo legado deixades no camiño; o traballo de Sara, canto traballo, que ten toda a miña admiración.

Óscar, compañeiro, desde a gasoleira informábasme de todas as necesidades; es un conector, un incandescente provocador de sorrisos de ilusión. E Marisa en Outeiro, quero que saibas que as mellores vistas que me convidaches a gozar, sen dúbida, son as do teu corazón, ese que herdaches de Artemia; grazas por contarme tanto, porque non coñecía o teu sentir e agora equilibrase todo. Todos atendemos ás mesmas necesidades básicas, a familia que para min sodes.

Grazas Olga, polo teu exemplo para pesar do pesar dos pesares; Amadeo, tes a miña admiración... aquí tedes outro fillo á vosa disposición. E Licerio, compañeiro de padiola, quitáronnos o estómago, pero agora estamos máis preto de coñecer o que non sabiamos dixerir e ademais, agora temos máis espazo para que nos creza o corazón, xa nolo irá contando Milagros, doutora, que trato e gratitude!



E como non agradecer á esencia do val, á buscadora incombustible e auténtico motor de respecto e defensa do medio natural e cultura popular; Lola a Cesteira de Carqueixeda, case na cabeceira do val máis bonito do Mundo... Lóuzara. Que agasallo me fixo o Alquimista contigo! Armiche, o que necesites para soste a intensidade que Bello nos deixou... aos teus pés!

María Quiroga, canto contigo aprendín, como trataches a toda a miña familia nos peores e máis duros momentos para min. Sen condición, voute amar toda a vida. Como a Samos, a O Couso, Lóuzara e todas as súas xentes.

Todos somos Samos, un corazón latexando á vez. Únenos moito máis do que nos separa, e procurarei alimentar esa unión toda a miña vida, porque, para vivir así, é mellor non morrer.

Grazas, madialeva, moitas grazas!

**Asinado,
O Grand e O Couso.
Luije Carretero.**

Desde Almería con todo o amor que teño, a 14-12-2021